



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes desta consellería (código de procedemento ED013A).

Mediante Orde do 13 de novembro de 2024 foi convocado concurso de traslados específico entre o persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes desta consellería (código de procedemento ED013A) (DOG núm. 228, do 26 de novembro).

A base décimo cuarta, sobre resolución provisional do concurso, establece que unha vez recibidas nesta consellería as actas da Comisión de Avaliación, coas puntuacións asignadas ao persoal concursante, procederase, conforme as peticións e os méritos do persoal participante, á adxudicación dos destinos e farase pública mediante resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal/).

Na súa virtude e, de conformidade co que antecede, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar e publicar na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal/) destino provisional ao persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura de departamento de orientación nos centros que alí se especifican.

Segundo. Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base décimo quinta da Orde de 13 de novembro de 2024, o persoal concursante poderá presentar reclamacións á resolución provisional por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto na Carpeta cidadá no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal/).

Terceiro. Así mesmo, de conformidade coa base décimo quinta da Orde de 13 de novembro de 2024, o persoal concursante poderá presentar renuncia á súa participación neste concurso, por medios electrónicos, mediante o trámite activado para este efecto na Carpeta cidadá no prazo de dez (10) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución.

Esta renuncia afectará a todas as peticións consignadas na súa solicitude de participación. A renuncia deberá realizarse tamén, dentro deste mesmo prazo na páxina web do concurso (www.edu.xunta.gal/cxt) na lapela habilitada para estes efectos.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso, deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva, cos efectos previstos na base décimo sexta da Orde do 13 de novembro de 2024.





Cuarto. O persoal funcionario do corpo de mestres que estea participando simultaneamente nesta convocatoria e na realizada pola Orde do 21 de outubro de 2024 pola que se convoca concurso de traslados entre o persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (código de procedemento ED012A) e que obteña praza definitiva da xefatura de departamento de orientación, entenderase que renuncia á participación no concurso xeral de traslados.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

